

# A IMPRECISA LUZ

A ESCRITORA MEDOS ROMERO PUBLICA UN LIBRO CO QUE COMEZA UN NOVO CAMIÑO NA SÚA TRAXECTORIA POÉTICA, CUN VERSO INTENSO, REFLEXIVO E VITAL


Unha traxectoria vizosa e singular, sen dúbida, son os termos máis acaídos que van definindo as diversas propostas que vén ofrecendo desde hai anos Medos Romero (As Pontes, 1959). Estreada como poeta no ano 1998, cun volume en edición de autora, baixo o título de *Rendéome no tempo*, xa presentaba daquela algunhas das claves da súa estética nas que máis adiante afondaría como eran o ecoar paisaxístico, vinculado coas raigames máis profundas da súa terra natal, na liña do paisaxismo telúrico de Novoneyra e, por outro lado, a presenza idealizada dos días de infancia e da mocidade. Logo virían outros poemarios como *Áome en por min* (1999) e *O peso da derrota* (2000), prologado este por Ramón Loureiro, e que xunto con *Lenzo das madrugadas* (2003), e algúns poemas dispersos en publicacións colectivas, constituían o groso da súa obra poética á que viñeron engadirse, hai catro anos, dous novos libros: *O pozo da ferida* e *A seitura dos tristes*, que son os precedentes do que agora nos ocupa baixo o título de *Do corpo e a súa ausencia*, que ve a luz na prestixiosa colección Esquíu de poesía. A súa estética foi, así pois, perfilándose con outros trazos que singularizaron a súa voz como o achegamento aos eidos do erótico e do amorio ou unha inequívoca ollada comprometida coa problemática social, con especial atención ao rol feminino, e en xeral á propia condición humana.

Romero primou, desde sempre, a comunicación directa co lector, desposuíndo a súa escrita de calquera elemento que enturbase esa intención e abofé que esta actitude se mantén inalterable nesta ocasión, malia que talvez a presente proposta marque un



FOTO: AELG

Medos Romero primou sempre a comunicación co lector



CRÓNICA

«Do corpo e a súa ausencia»

Medos Romero.  
Sociedade de Cultura  
Valle-Inclán, 108  
páxinas, 10 euros.

\*\*\*

xiro, ou un punto e á parte, no seu percorrido como poeta pois dalgún xeito secundarízase, aínda que tamén estea presente, esa atención á dor e ao sufrimento que se espellaba na práctica totalidade da súa produción para agora prestar atención, sempre desde a emoción, con outra luminosidade se couber, a asuntos e tratamentos que amplían os alcances da súa estética. Velaí como a través do uso de certa tonalidade máis vital, máis optimista e en momentos epifánica, opera cunha estratexia moi rendible para este novo camiño como é o diálogo, que abre e pecha o volume, con manifestacións pictóricas de Tintoretto e de Botticelli respectivamente.

Xa que logo, nunha primeira parte, onde se recrea máis claramente o que o prologuista do volume, Manuel Vilanova, define

como as oposicións «presenza-ausencia» e «realidade-dificultade» do desexo, dáse inicio á dinámica dialogal con diversos lenzos de Tintoretto: o pintor italiano caracterizado polo uso dramático da luz —desa «imprecisa luz»—. Medos Romero recrea moi acaidamente ese dramatismo humanista, nucleado a través da imaxe e presenza do corpo nunha serie de poemas que, malia contención e esencialización expresiva, gozan de independencia de seu e, globalmente, deitan unha panorámica que cobra un sentido cabal ao verbalizar a impresión visual, interiorizándoa e logo expresándoa de xeito distinto. A autora reinterpreta deste xeito a realidade suxerida, construíndo un universo que reflexiona sobre a realidade do corpo, da cor, do medo da dor, da ferida..., mais tamén do estoupido que conlevan, semántica e significativamente, conceptos como a beleza ou o propio amor, transitando por unha xeografía onde a nudez, de corpo e alma, a sensualidade ou a harmonía son tratadas, sempre, sen sentimentalismos de ningunha case.

A continuación, na sección central do libro, ábrese o bloque que lle outorga título ao poemario, no que olla o corpo como «soño imposible», nun rexistro se se quer máis íntimo e persoal, no que segue a explicitarse un encontro coa vida sucado de fendas, esgazamentos e desexos, para concluír, finalmente, con outro diálogo arredor da eternidade dos corpos, inspirado en diálogos de Boticelli con outros personaxes da súa época.

Medos Romero ofrece, aquí, unha poesía que seduce, intensa, reflexiva e vital, o que de seu non é pouco.

Ramón Nicolás